


**Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2002**

**COMUNICADO**

**No período 1995-2002 o PIB de Galicia presenta un crecemento máis dun tercio superior ó estimado para a Unión Europea**

No conxunto do período 1995-2002 o PIB galego presenta un crecemento lixeiramente superior ó estimado para España, e máis dun tercio superior ó estimado para a Unión Europea.



**TAXAS DE CRECIMENTO DO PIB pm**

	Galicia	España	UE-15	UE-25
<b>1996</b>	5,8%	6,0%	3,6%	3,9%
<b>1997</b>	6,4%	6,4%	8,7%	8,9%
<b>1998</b>	7,0%	6,8%	5,5%	5,7%
<b>1999</b>	8,1%	7,1%	4,7%	4,7%
<b>2000</b>	8,0%	8,0%	6,6%	6,9%
<b>2001</b>	7,2%	7,1%	3,4%	3,9%
<b>2002</b>	6,3%	6,8%	3,5%	3,6%
<b>1995-2002</b>	<b>60,2%</b>	<b>59,6%</b>	<b>42,1%</b>	<b>43,9%</b>

Fonte: IGE, INE e Eurostat


O crecemento do Produto Interior Bruto (PIB) galego en 2002 é medio punto inferior ó estimado para o conxunto de España (base 1995) e 2,7 puntos superior á taxa de crecemento estimada por EUROSTAT para o conxunto dos 25 países da Unión Europea.

**O saldo exterior reduce a súa achega negativa ó crecemento do PIB**

Pola vía da demanda é salientable o crecemento rexistrado en 2002 pola Formación bruta de capital, cun crecemento do 8,9% mentres que o Gasto en consumo final presenta a menor taxa do período, un 4,7%. As compoñentes do saldo exterior presentan as taxas de crecemento máis baixas do período 1995-2002.

As achegas ó crecemento do PIB indican en qué medida este crecemento ven dado pola demanda interna ou pola evolución do saldo exterior de Galicia. En todo o período analizado o

sector exterior presenta unha achega negativa ó crecemento do PIB, salientando o período 1998-2001. O crecemento total do PIB dende 1995 é consecuencia dunha achega da demanda interna do 66% e do saldo exterior do -5,8%.



### **Case a metade do crecemento acumulado polo PIB galego dende 1995 é debido ao sector dos servizos de mercado**

A análise do crecemento do PIB de 2002 por ramas de actividade reflicte como o sector que presenta un mellor comportamento neste ano é a construción, cunha taxa do 10,2%.

As ramas dos servizos de mercado representan o 45,5% do PIB total da economía galega e rexistran un crecemento do 6,5%, unha taxa superior ás restantes ramas agás a construción, pero inferior ás rexistradas dende 1998. A achega deste sector ó crecemento do PIB no período 1995-2002 é dun 28,1%.

As ramas de agricultura e pesca rexistran unha taxa de crecemento en 2002 do -2,6% e unha continua perda de peso no PIB total que pasa do 6,9% en 1995 a un 5% en 2002, aportando conxuntamente o 1,1% ó crecemento do PIB dende 1995.

### **A estrutura do PIB pola vía das rendas mantense practicamente constante dende 1997**

O crecemento da remuneración de asalariados en 2002 é do 6,6%, superior á do excedente bruto de explotación e a renda mixta pero algo inferior se consideramos o período 1995-2002 no que as taxas son do 58% e 60% respectivamente, e un crecemento dos impostos netos sobre a produción e as importacións do 71%.

## CADRO MACROECONÓMICO

Taxas de variación

Operacións	2002(P)/2001
Gasto en consumo final	4,7%
Formación bruta de capital	8,9%
Exportación de bens e servizos	5,0%
Importación de bens e servizos	4,6%
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO</b>	<b>6,3%</b>
Ramas agraria e pesqueira	-2,6%
Ramas enerxéticas	5,6%
Ramas industriais	5,9%
Construción	10,2%
Ramas dos servizos	6,0%
- Servizos de mercado	6,5%
- Servizos de non mercado	4,1%
SIFMI	-3,8%
Impostos netos sobre os produtos	5,3%
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO</b>	<b>6,3%</b>
Remuneración dos asalariados	6,6%
Excedente de explotación bruto / Renda mixta bruta	5,9%
Impostos netos sobre a produción e as importacións	6,2%
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO A PREZOS DE MERCADO</b>	<b>6,3%</b>

Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia. Base 2000. Serie 1995-2002  
(P) Provisional

### En 2002 estímase un crecemento do emprego de case nove mil postos de traballo

O comportamento do emprego é moi variable por ramas de actividade, destacando as ramas agraria e pesqueira que perden case quince mil postos de traballo en 2002 e un total de case 77 mil postos de traballo dende 1995. Pola contra, o sector dos servizos de mercado rexistra unha creación de emprego de case 17 mil postos de traballo en 2002 e máis de cen mil en todo o período, de xeito que o peso do emprego nestas ramas de actividade no conxunto da economía pasa do 34% en 1995 ó 40% en 2002.

## EVOLUCIÓN DO EMPREGO

Postos de traballo

Ramas de actividade	2002(P)/2001	2002(P)/1995
Agraria e pesqueira	-14.761	-76.807
Enerxéticas e industriais	3.875	35.564
Construción	3.245	26.859
Servizos de mercado	16.933	103.901
Servizos de non mercado	-362	18.123
<b>TOTAL</b>	<b>8.930</b>	<b>107.641</b>

Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia. Base 2000. Serie 1995-2002

(P) Provisional

### A ganancia media rexistra un crecemento do 3,3% en 2002

Destacan as ramas do sector servizos de mercado e a enerxía con crecementos da súa ganancia media superiores ó 4% e as ramas da agricultura e pesca cunha ganancia un 5% inferior á do ano anterior.

A ganancia media estimada en 2002 para o conxunto da economía galega é de 21.975 euros cunha importante variabilidade nas distintas ramas de actividade. Destaca a ganancia media das ramas enerxéticas e algunhas ramas de actividade do sector servizos de mercado como o transporte aéreo e a intermediación financeira.

#### GANANCIA SALARIAL

*Remuneración de asalariados/PTE asalariados*

*Euros*

Ramas de actividade	1995	2002 (P)
Agricultura e pesca	12.876	16.931
Enerxía	25.623	32.235
Industria	18.004	22.008
Construción	14.700	19.555
Servizos de mercado	17.971	22.836
Servizos de non mercado	17.822	22.306
<b>TOTAL</b>	<b>17.376</b>	<b>21.975</b>

Fonte: IGE. Contas económicas de Galicia. Base 2000. Serie 1995-2002  
(P) Provisional

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>

e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)